



CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE I+D+i NO PERÍODO 2025-2026

Santiago de Compostela, a data da última sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Román Rodríguez González**, Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, de 14 de abril (DOG núm. 73 del 14.04.2024) , actuando en nome e representación da **AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN** (en diante, “**GAIN**”), con domicilio en Rúa Airas Nunes, s/n -15702 Santiago de Compostela, na súa calidade de presidente, en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, de 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro).

Doutra parte, **D. Ángel José Facio Villanueva**, en calidade de presidente do Padroado da **Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS)**, en virtude do seu cargo como titular da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago, segundo o establecido no artigo 16.2.a) dos seus estatutos, e en virtude da aceptación do cargo de presidenta do Padroado da FIDIS de 14 de marzo de 2024, fundación constituída con data 3 de maio de 2001 e clasificada de Interese Sanitario e Interese Galego e inscrita no Rexistro Único da Fundación de Interese Galego co rexistro 2001/10.

Interveñen, en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas en nome das entidades que representan, e a tal efecto





EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro).

A Axencia Galega de Innovación está adscrita á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que os estatutos da Axencia Galega de Innovación atribúen a esta, entre outras funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia.

SEGUNDO

Que a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establece no artigo 32 que un dos principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia é a promoción da investigación básica e clínica no eido das ciencias da saúde, cun carácter traslacional á práctica clínica; e no artigo 94 f) establece como unha das funcións do Servizo Galego de Saúde a promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais.

Que o Servizo Galego de Saúde incorporou como un dos elementos fundamentais da súa actividade a investigación e a innovación biomédica. A "Estratexia Sergas 2020" recolleu 20 obxectivos estratéxicos que serviron de referencia para as actuacións a seguir no Sistema Público de Saúde de Galicia neste período. Estes obxectivos encádranse en catro eixos





prioritarios: a atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e cuidadores; profesionais comprometidos e cuidados pola organización; xestión eficiente para contribuír á sustentabilidade do sistema sanitario; e modernización das infraestruturas sanitarias. Para poder cumprir estes obxectivos é necesario promocionar a investigación, innovación e transferencia dos resultados xerados nos centros de investigación e innovación sanitaria co fin de potenciar un modelo de investigación orientado cara á innovación, que configure ao sector sanitario galego como referente en I+D+i e actúe como motor de crecemento económico na nosa comunidade.

TERCEIRO

Que a Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (en diante, **"FIDIS"**) é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, modificada pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico; e réxese ademais polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego e polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego; e que ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización de outras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego. Con ese propósito, a Fundación serve de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores, nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia e contribúe eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, recabando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente de este modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.





CUARTO

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, no seu artigo 1, formula como obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia e valorización de resultados e de innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente.

A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, aliñándose co reto 3 (modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación) e coa prioridade 3 (enfoque cara ás persoas). Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 1, integrándose polo tanto no programa Integra da RIS3 e no programa Coñecemento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

QUINTO

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Axencia Galega de Innovación, e a FIDIS consideran que estes convenios para o desenvolvemento de programas de I+D+i son un instrumento eficaz de financiamento para a promoción da I+D+i de excelencia en Galicia. O convenio promove e incentiva o esforzo na obtención de resultados de calidade e facilita o apoio á formación e estabilización de persoal investigador. Establécese sobre a base dos resultados contrastables da actividade investigadora e innovadora e co compromiso de desenvolver un programa por obxectivos



individualizado no que se plasmen os fitos que se esperan obter, necesariamente ligados a unha mellora obxectiva nos resultados da actividade investigadora e innovadora.

Dada a especificidade do obxecto do convenio non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, debido ás especiais características e singularidade da FIDIS como centro de referencia en España en investigación científica e tecnolóxica de carácter traslacional que aproveita e potencia as sinerxias entre a Universidade de Santiago de Compostela e as Áreas Sanitarias de Santiago de Compostela e Barbanza, e a de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos dependentes do Servizo Galego de Saúde. Así mesmo, convenios similares serán asinados coa Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur, Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC).

SEXTO

Por todo o anterior, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei e no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as partes asinantes ACORDAN subscribir o seguinte convenio para o desenvolvemento de Programas de I+D+i, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do convenio é a realización dun conxunto de accións recompiladas nun Programa de I+D+i que se desenvolverá nos centros da FIDIS que se concretan no anexo II deste convenio para o período 2025-2026. A proposta ten como obxectivo conseguir unha investigación de excelencia e a consolidación dos centros de coñecemento, e basearase nos seguintes eixes de actuación, definidos no anexo I:





- a) Potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica.
- b) Formación, captación e retención de talento, situando ao investigador como principal valor das actividades de I+D+i.
- c) Fomento da participación e captación de fondos dos programas europeos de I+D+i para posicionar a investigación sanitaria realizada en Galicia no Espazo Europeo de Investigación.
- d) Protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación para conseguir que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico.

SEGUNDA.-CONDICIÓN ECONÓMICAS

1. A Axencia Galega de Innovación financiará as actuacións con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no cadro seguinte, na cal existe crédito adecuado e suficiente:

Aplicación orzamentaria	2025	2026	Total
07.A2.561A.743.28	378.000 €	378.000 €	756.000 €

2. A subvención da Axencia Galega de Innovación deberá adicarse ao desenvolvemento das actuacións recollidas no anexo II.

Non obstante, tratándose dunha previsión aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre eixes que non supoñan minoracións en ningún deles superiores ao 20% das previsións. Estas minoracións incrementarían as dotacións doutros eixes.

A petición da FIDIS e previo informe favorable da Comisión de Seguimento, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar modificacións na distribución de gasto entre eixes que supoñan minoracións en algún deles superiores ao 20% das previsións. Estas minoracións incrementarían as dotacións doutros eixes. Dentro de cada eixe de actuación os importes dos diferentes conceptos de gasto poden ser obxecto de redistribución.





3. A axuda concedida será compatible con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda, sempre que, conxuntamente, non superen o custo da actividade subvencionada.
4. A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007 e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando ao efecto o establecido no artigo 27.3 da Lei 9/2007, que establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:
 - a. Que o convenio se subscriba por escrito.
 - b. Que a súa subscrición a autorice previamente a entidade concedente da subvención por escrito.
5. Na xestión da contratación, dada a condición da entidade beneficiaria de poder adjudicador por cumprir os requisitos previstos no artigo 3.3 b) da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá respectar as prescricións da devandita lei, nos termos indicados nela, para os procedementos de contratación que se realicen na execución deste convenio.
6. Estas axudas están dirixidas á realización de actividades de I+D+i de carácter non económico, por parte de organismos de investigación sen ánimo de lucro, e difusión dos resultados da actividade dos organismos de investigación subvencionados e a disposición de todos dun modo indiscriminado, de modo que non se produce vantaxe económica para as entidades subvencionadas, e cumpren cos requisitos establecidos pola Comisión Europea no Marco sobre Ayudas Estatales de Investigación y Desarrollo e Innovación (DOUE C 414/1, de 28 de outubro de 2022).





TERCEIRA.-COMPROMISOS, PUBLICIDADE E AUTORIZACIÓNS

1. A entidade beneficiaria comprométense a:

a) Presentar previamente á sinatura do convenio:

1) Declaración que acredite que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

2) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Desenvolver as actividades segundo os eixes de actuacións definidos no anexo I e a destinar os fondos do convenio ao cumprimento dos obxectivos establecidos. As actividades concretas previstas a desenvolver ao longo dos anos 2025 e 2026, con cargo a este programa, detállanse no anexo II. Os indicadores de actividade así como a proposta de obxectivos a acadar nos anos 2025 e 2026 detállanse no anexo III.

c) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

d) Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e posibilitar a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

f) Comunicar á Axencia Galega de Innovación a concesión de calquera outra subvención concedida para o mesmo fin tan pronto se teña coñecemento da mesma.





- g) No caso de cesión de datos, cumprir as esixencias da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.
- h) Cumprir o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- i) Facilitar cantos datos resulten necesarios para o seguimento e avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou de outros instrumentos relacionados ca medición da I+D+i, e en particular as enquisas do INE relacionadas. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco do seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, se desenvolverá un seguimento específico das axudas concedidas. A tales efectos, e por indicación da Axencia Galega de Innovación, durante a execución y ao rematar a axuda (ex-post), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa, entre outras cuestións, a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

2. A FIDIS dará consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para:

- a) O tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- c) O cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo que a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).





3. Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e máis o resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.
4. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, a entidade beneficiaria poderá opoñerse á consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

CUARTA.-GASTOS SUBVENCIONABLES

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo co recollido no anexo II e que se realicen no período que se indica na cláusula sexta do convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
2. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

QUINTA.-XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

2. Para ter dereito ao pagamento da axuda, a entidade beneficiaria deberá entregar para cada anualidade a seguinte documentación, axustada aos modelos que figuran na páxina da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>):
 - a) Memoria final explicativa das actividades desenvolvidas e dos obxectivos acadados segundo o recollido no programa de I+D+i do Anexo II. Neste





documento deberán incluírse os resultados dos indicadores de seguimento definidos no Anexo III.

- b) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- c) Un resumo da execución da subvención (modelo 1) asinado pola persoa responsable da xerencia ou da dirección da entidade, no que conste o concepto subvencionable, o proveedor, o importe (co IVE detallado) e a data de cada un dos xustificantes, agrupados por conceptos de gastos.
- d) Certificación dos custos de persoal (modelo 2) imputados ao programa emitida polo responsable de recursos humanos co visto e prace do/a Director/a da entidade, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado á execución do plan de actuación proposto, que deberá incluír os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, NIF, posto de traballo, base do IRPF, retribución líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo a entidade, data de pagamento da Seguridade Social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.
- e) No caso de imputación de recursos propios (gastos correntes) xustificaranse cunha memoria detallada das imputacións dos mesmo as actividades do convenio. A memoria irá acompañada dunha certificación firmada polo representante da entidade.
- f) No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado polo beneficiario poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación do beneficiario con respecto ao IVE. No caso de que o réxime do IVE sexa a prorrata, o gasto subvencionable calcularase en base a prorrata definitiva do último exercicio pechado, sendo responsabilidade do beneficiario realizar os axustes correspondentes na liquidación das obrigas fiscais.





g) De acordo co establecido no artigo 29.3 da citada Lei 9/2007, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres (3) ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas características especiais non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornecer ou salvo que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que se deberá proporcionar coa xustificación, realizarase conforme aos criterios de eficacia e economía, e no suposto de non recaer a adxudicación na proposta económica, deberá proporcionar unha memoria na que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.

Dado que a entidade beneficiara reúne os requisitos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público para ter a consideración de poder adxudicador deberá someterse á disciplina de contratación pública nos términos previstos en dito texto.

- h) Declaración responsable do solicitante de todas as solicitudes efectuadas e concedidas para o mesmo fin por outras administracións ou entes públicos ou privados (modelo 3).
- i) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. A documentación presentarase electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.





3. Se a entidade beneficiaria non xustifica o importe total das actuacións desenvolvidas e/ou non acadara os obxectivos recollidos no programa de I+D+i, a Axencia Galega de Innovación minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio. Así mesmo, se a entidade beneficiaria presenta unha xustificación de gastos inferior ao anticipo percibido deberán acompañar á documentación presentada o xustificante de ingreso na conta da Comunidade Autónoma do importe percibido e non xustificado, sen prexuízo de que se lles poida ser esixida a devolución doutras contías anticipadas unha vez aprobada a xustificación polo órgano competente.

SEXTA.-PERÍODO DE REALIZACIÓN DOS GASTOS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA

1. Admitiranse os gastos realizados e efectivamente pagados:
 - Primeira anualidade: desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025 (incluído o pagamento das cotas de seguros sociais do mes de decembro de 2025).
 - Segunda anualidade: desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 2 de novembro de 2026.
2. Prazo de presentación da xustificación da axuda:
 - a) A xustificación do importe total da anualidade da subvención concedida terá como data límite de presentación:
 - Anualidade 2025: o 31 de marzo de 2026.
 - Anualidade 2026: o 10 de novembro de 2026. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación (cotas do mes de outubro) estas terán como data límite o 15 de decembro de 2026.
 - b) Transcorridos os prazos indicados sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, requirirase para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan. Non responder á solicitude de cantos datos resulten necesarios para o seguimento e a





avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou outros instrumentos relacionados coa medición da I+D+i será causa de reintegro de ata o 2 % da subvención concedida.

- c) Recibida a documentación xustificativa da subvención, a Axencia Galega de Innovación, antes de proceder ao seu pagamento, poderá solicitar as aclaracións ou informes que considere oportunos a través do enderezo electrónico xestion.gain@xunta.gal, ao cal deberán dirixirse as respostas no prazo de dez días hábiles. No caso contrario solicitarase a documentación necesaria de acordo co establecido no paragrafo anterior.

SÉTIMA.-CONDICIÓNS DE PAGAMENTO

1. Poderán realizarse pagamentos anticipados ata o 75% da subvención concedida, conforme o artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo coa seguinte distribución:
 - Para a primeira anualidade efectuarase un anticipo do 100% da subvención concedida para esa anualidade.
 - Para a segunda anualidade anticiparase como máximo o 50% do importe da subvención concedida para esa anualidade, tras a xustificación da anualidade anterior respectando o máximo do 75% de pagamentos anticipados.
2. A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte dos beneficiarios, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007 e realizarase mediante resolución motivada previa solicitude debidamente xustificada pola entidade beneficiaria.
3. De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, a entidade beneficiaria queda exonerada da constitución das garantías correspondentes aos pagos anticipados e á conta.
4. Tras a xustificación do anticipo, a Fundación poderá presentar xustificacións en función do ritmo de execución da acción subvencionada que darán lugar a pagamentos á conta que, sumados ao importe anticipado, non poderán superar o 80% da subvención. O importe restante aboarase no momento da completa xustificación por parte dos





beneficiarios e logo da comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas cláusulas do convenio.

OITAVA.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión de seguimento composta por dous representantes da Axencia Galega de Innovación, un da Fundación e un da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS).
2. Son funcións desta comisión de seguimento:
 - Velar polo cumprimento das accións do programa de I+D+i (Anexo I).
 - Propoñer as medidas necesarias para garantir o cumprimento do programa.
 - Propoñer á Axencia Galega de Innovación variacións entre os diferentes conceptos de gasto recollidos no Anexo II que supoñan minoracións en algún dos eixes superior ao 20% para adecualos á execución das actuacións previstas, sempre e cando non supoñan un incremento do importe total do convenio.
 - Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación co convenio.
 - Avaliar o programa de I+D+i desenvolvido pola FIDIS (anexo III).
3. A comisión reuniranse:
 - a. Unha vez presentada a xustificación de cada anualidade do convenio para avaliar os resultados do mesmo conforme os indicadores do anexo III.
 - b. Sempre que o solicite algún dos seus membros.

NOVENA.- ALTERACIÓN DAS ACTUACIÓNS

1. Toda alteración nas accións a realizar deberán ser obxecto de autorización pola Axencia Galega de Innovación e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio.
2. De acordo co establecido no artigo 31.4 da lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa





finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actuacións obxecto deste convenio coa Axencia Galega de Innovación, de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

UNDÉCIMA.-INTERPRETACIÓN

1. O presente convenio asínase ao abeiro dos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e polas previsións do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.
2. A Axencia Galega de Innovación ostentará as potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencionadora. Os actos ditados en exercicio das devanditas potestades serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso-Administrativo.

DUODÉCIMA.-VIXENCIA

O presente convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que as actuacións obxecto do mesmo xa se iniciasen o 1 de xaneiro de 2025.

DÉCIMO TERCEIRA.-CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Poderá dar lugar á resolución do convenio:

- a) A introdución de modificacións no programa de I+D+i aprobado pola comisión sen xustificación e sen previa autorización escrita da Axencia Galega de Innovación.
- b) O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas.





- c) O acordo mutuo entre as partes.
- d) A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras partes con dous meses de antelación á data de finalización da vixencia do convenio.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data anteriormente sinalados.

Pola Axencia Galega de Innovación

Pola Fundación Pública Galega Instituto de
Investigación Sanitaria de Santiago de
Compostela

D. Román Rodríguez González

Ángel José Facio Villanueva

Conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

Presidente do Padroado da FIDIS



ANEXO I

EIXES DE ACTUACIÓN

EIXE DE ACTUACIÓN 1.- Potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica.

Nun marco altamente competitivo faise imprescindible a estruturación das capacidades investigadoras en torno a grupos de investigación de referencia con capacidade de traballo coordinado en base a liñas estratéxicas converxentes, abertas e colaborativas. Estas liñas deben de posicionarse e integrarse con estruturas organizativas de ámbito superior nacional e internacional e participadas por socios privados.

Para unha correcta planificación os grupos de referencia requiren da dispoñibilidade de recursos suficientes e duradeiros baseados nun financiamento estrutural vinculado a criterios de calidade. Isto supón a adopción dun cambio de modelo de financiamento e avaliación previsto na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027, así coma no Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027, que facilitará a capacidade dos grupos de dispoñer de financiamento estable.

Obxectivos:

- Establecer liñas de investigación estratéxicas nas que converxan grupos de investigación multidisciplinares.
- Fortalecer e consolidar grupos de investigación de referencia con alto nivel competitivo.
- Potenciar grupos emerxentes.
- Captar fondos de investigación en convocatorias públicas ou privadas.



EIXE DE ACTUACIÓN 2. - Formación, captación e retención de talento, situando ao investigador como principal valor das actividades de I+D+i.

A consolidación e desenvolvemento dun sistema de I+D+i sanitario competitivo pasa pola súa capacidade de xerar, desenvolver, captar e reter talento. O capital humano dedicado a actividades de I+D+i, investigadores e técnicos de investigación, é o principal valor do sistema e sobre o que pivota a capacidade de xerar impacto socioeconómico.

O Sistema Público de Saúde de Galicia participa no Plan Nacional de I+D+i en programas de captación de recursos humanos da *Acción Estratéxica en Saúde*, xestionada polo *Instituto de Investigación Carlos III*, dentro dos programas de formación e mobilidade para clínicos (Predoutorais, Rio Hortega e BAE), programas de contratación e incorporación [Miguel Servet, incorporación de grupos de investigación (EMER), Sara Borrel e técnicos de apoio], e programas de estabilización de investigadores e intensificación da actividade investigadora no marco de convenios entre o Instituto de Salud Carlos III e a Comunidade Autónoma de Galicia.

A nivel autonómico participan nos programas de recursos humanos encadrados na RIS3 Galicia e no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

Obxectivos:

- Promover a consolidación estable do persoal investigador de excelencia, con capacidade de lograr impacto científico, captar fondos e xerar riqueza, nos centros públicos de investigación e innovación sanitaria.
- Desenvolver un proceso de avaliación rigoroso orientado á calidade con valoración regular da actividade.
- Establecer o marco competitivo que permita a captación e atracción de investigadores de referencia.
- Facilitar o acceso á carreira investigadora no sistema público de saúde de Galicia e a creación de emprego en torno á I+D+i biosanitario.
- Estimular a mobilidade dos investigadores dentro do sistema e os intercambios con centros de excelencia internacional e empresas.



EIXE DE ACTUACIÓN 3. - Fomento da participación e captación de fondos dos programas europeos de I+D+i para posicionar a investigación sanitaria realizada en Galicia no espazo europeo de investigación.

O sistema de I+D+i nos centros públicos de investigación e innovación sanitaria encóntrase en niveis de excelencia científica, maduración e capacidade de xestión que lle permite abordar o reto de posicionarse no espazo europeo de investigación.

Existen en Galicia recursos eficientes de formación e información sobre os diferentes programas europeos en saúde. Non obstante, fanse necesarios servizos profesionais na redacción de propostas de proxectos e busca de socios, en especial naquelas nas que se actúe como centro coordinador.

O número de solicitudes de proxectos europeos (FP7 e Horizonte 2020) realizadas nos últimos anos sufriu un incremento exponencial dende o ano 2009 ata a actualidade.

Obxectivos:

- Incrementar o número de solicitudes de proxectos colaborativos europeos.
- Participar en redes internacionais de coñecemento.
- Incrementar o número de participacións en proxectos europeos de investigación.
- Incrementar o número de avaliadores de programas europeos.

EIXE DE ACTUACIÓN 4. - Protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación para conseguir que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico.

Tanto a *RIS3 Galicia* coma a *Estratexia Sergas 2020* e o *Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027* definen como unha das súas prioridades a promoción da investigación, innovación e transferencia de resultados.

O sector sanitario é un dos sectores da economía do coñecemento mellor posicionado para crear riqueza en Galicia. Froito desta visión, o Servizo Galego de Saúde impulsou a posta en marcha da *Plataforma de Innovación Sanitaria* e a constitución do Clúster da Saúde de Galicia como punto de encontro cunha orientación empresarial.

As actividades de I+D+i realizadas nos centros sanitarios alcanzaron altas cotas de excelencia



científica e presenza internacional, dotándose de medios humanos e materiais para a realización de proxectos de investigación de alto impacto nun ámbito próximo ao mercado e en estreito contacto con provedores de servizos e produtos sanitarios. Un dos elementos identificados como debilidade é a súa capacidade de protección, valorización e transferencia destes resultados. Así, o reto que se presenta é o de transformar o coñecemento, o esforzo e os recursos da I+D+i biosanitario en valor económico e social; orientando os esforzos cara a liñas de alta capacidade de transferencia que xeren retornos sostibles.

Para alcanzar estes obxectivos é imprescindible profesionalizar a xestión da investigación e a innovación no noso sistema sanitario dotándoo de servizos de alto valor engadido en: formación, protección de resultados de investigación e xestión da propiedade intelectual, desenvolvemento de plans de negocio, valorización, captación de investimento privada (capital risco e *businessangels*), estudos de prospectiva, asesoría xurídica en acordos de transferencia de tecnoloxía, creación de empresas de base tecnolóxica (*spin-off*) e busca comercial de licenciatarios a nivel nacional e internacional. Estes retos non supoñen a necesidade de creación de novas estruturas senón de establecer sinerxías con estruturas públicas e privadas con alto nivel de experiencia, que faciliten a optimización dos nosos recursos e orienten a transferencia do coñecemento xerado no noso sistema sanitario que garanta cota de mercado para os nosos produtos e servizos.

Obxectivos:

- Incrementar o número de resultados potencialmente patentables
- Licenciar a carteira de patentes.
- Captación de fondos de investimento para a realización de proxectos de valoración de resultados.
- Dispoñer dunha carteira de produtos resultado das liñas de investigación e innovación e de grupos con alta capacidade de transferencia.
- Participar en proxectos colaborativos con empresas, centros tecnolóxicos, axentes de valorización, grupos universitarios e outros organismos públicos de investigación.
- Establecer programas estables de colaboración con empresas biotecnolóxicas e farmacéuticas para o desenvolvemento conxunto de produtos ou servizos.





ANEXO II
ACCIÓNS DO PROGRAMA I+D+i
ANUALIDADES 2025 E 2026

CONVENIO COA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE I+D+i NO PERÍODO 2025-2026				
ENTIDADE	FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA			
PREVISIÓN DE GASTOS				
Tipoloxía actuación	Tipoloxía de gasto / gastos subvencionables	Importe ano 2025	Importe ano 2026	TOTAL
EIXE 1	Gastos de persoal	-	-	-
	Material funxible	40.000,00 €	40.000,00 €	80.000,00 €
	Material inventariable	20.000,00 €	20.000,00 €	40.000,00 €
	Outros	103.000,00 €	103.000,00 €	206.000,00 €
EIXE 2	Gastos de persoal	177.919,94 €	177.919,94 €	355.839,88 €
	Material funxible	-	-	-
	Material inventariable	-	-	-
	Outros	-	-	-
EIXE 3	Gastos de persoal	-	-	-
	Material funxible	-	-	-
	Material inventariable	-	-	-
	Outros	12.000,00 €	12.000,00 €	24.000,00 €
EIXE 4	Gastos de persoal	-	-	-
	Material funxible	-	-	-
	Material inventariable	-	-	-
	Outros	25.080,06 €	25.080,06 €	50.160,12 €
TOTAL		378.000,00 €	378.000,00 €	756.000,00 €



ANEXO III

PREVISIÓN OBXECTIVOS ANOS 2025 E 2026

Indicadores de seguimento do Programa I+D+i en relación cos obxectivos de cada un dos eixes

EIXE DE ACTUACIÓN 1.- Potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica.

Indicadores:

- 1.1 Número total de publicacións indexadas (Pubmed, Embase, WOK, CSIC, psecINFO) nas que participe algún investigador da Fundación, conforme o seu factor de impacto do Journal Citation Reports (JCR).
- 1.2 Primeiro cuartil da especialidad
- 1.3 Número de proxectos de investigación captados en convocatorias competitivas (públicas ou privadas) nacionais ou rexionais. (Excluídos os proxectos europeos, eixe 3)
- 1.4 Captación de proxectos concedidos as entidades procedentes de proxectos nacionais ou rexionais de I+D+i [euros captados]. (Excluídos os proxectos europeos, eixe 3)
- 1.5 Facturación do exercicio por vendas ou prestación de servizos relacionados coa I+D+i e outras fontes de financiamento non competitiva (contratos, convenios e doazóns), inclúense ensaios [euros facturados na anualidade].
- 1.6 Participación en ensaios clínicos [asinados dentro do ano]
- 1.7 Participación noutros estudos de investigación sen clasificación de ensaio [asinados dentro do ano]

EIXE DE ACTUACIÓN 2. - Formación, captación e retención de talento, situando ao investigador como eixo e principal valor das actividades de I+D+i.

Indicadores:

- 2.1 Número de persoal investigador e técnicos con contratos financiados ou cofinanciados por programas públicos de RRHH. Total/novos RRHH concedidos no



ano. [Total investigadores/persoal a cargo de programas de RRHH concedidos na anualidade]

2.2 Número de persoal total contratado pola Fundación [Total]

2.3 Número de mulleres contratadas pola Fundación

2.4 Porcentaxe de mulleres sobre o total do persoal contratado pola Fundación

EIXE DE ACTUACIÓN 3. - Fomento da participación e captación de fondos dos programas europeos de I+D+i para posicionar a investigación sanitaria realizada en Galicia no espazo europeo de investigación

Indicadores:

3.1 Número de solicitudes de proxectos europeos de I+D+i do Programa Marco

3.2 Número de proxectos europeos concedidos do Programa Marco (comunicación de concesión)

3.3 Número de solicitudes (outros programas)

3.4 Número de proxectos europeos concedidos (outros programas)

3.5 Ingresos de proxectos competitivos europeos de I+D+i (€)

EIXE DE ACTUACIÓN 4. - Protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación para conseguir que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico.

Indicadores:

4.1 Número de patentes solicitadas

4.2 Número de patentes concedidas

4.3 Número protecciónes solicitadas (non patentes)

4.4 Número de protecciónes concedidas (non patentes)

4.5 Número de licencias asinadas

4.6 Número de licencias totais en explotación

4.7 Número de creacións EBTs

4.8 Retorno por actividades de transferencia (licencias, contratos de I+D) [euros captados]



PROPOSTA FUNDACIÓN IDIS		PROPOSTA 2025	PROPOSTA 2026
EIXE DE ACTUACIÓN 1.- Potenciación de liñas es- tratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica	1.1 Publicacións indexadas (nº)	1020	1040
	1.2 Primeiro cuartil (nº)	690	710
	1.3 Proxectos de investigación captados en convocatorias competitivas (públicas ou pri- vadas) nacionais o rexionais (nº)	55	55
	1.4 Captación de proxectos (€) concedidos ás entidades procedentes de proxectos naci- onais ou rexionais de I+D+i (euros captados)	6.500.000,00 €	6.500.000,00 €
	1.5 Facturación do exercicio por vendas ou prestación de servizos relacionados coa I+D+i e outras fontes de financiamento non competitiva (contratos, convenios e doa- zóns), inclúense ensaios (euros)	8.000.000,00 €	8.500.000,00 €
	1.6 Participación ensaios (nº)	135	145
	1.7 Participación en estudos (non ensaios, nº)	185	195
EIXE DE ACTUACIÓN 2.- Formación, captación e re- tención de talento, situan- do ao investigador como eixo e principal valor das actividades de I+D+i	2.1 Persoal investigador e técnicos con con- tratos financiados ou cofinanciados por pro- gramas públicos de RRHH. Total/Novos RRHH concedidos no ano (nº)	90/25	90/25
	2.2 Persoal total contratado pola Fundación (nº)	338	338
	2.3 Mulleres contratadas poa Fundación (nº)	243	243
	2.4 Mulleres sobre o total do personal con- tratado pola Fundación (%)	71,89%	71,89%
EIXE DE ACTUACIÓN 3.- Fomento da participación e captación de fondos dos programas europeos de I+D+i para posicionar a in- vestigación sanitaria reali- zada en Galicia no espazo europeo de investigación	3.1 Proxectos competitivos europeos de I+D+i del Programa Marco solicitados (nº)	5	5
	3.2 Proxectos competitivos europeos del Programa Marco concedidos (nº)	2	2
	3.3 Número de solicitudes (otros progra- mas)	10	10
	3.4 Número de proxectos concedidos (otros programas)	2	2
	3.5 Ingresos de proxectos competitivos eu- ropeos de I+D+i (€)	1.000.000,00 €	1.000.000,00 €



PROPOSTA FUNDACIÓN IDIS		PROPOSTA 2025	PROPOSTA 2026
EIXE DE ACTUACIÓN 4.- Protección, valorización e transferencia dos resulta- dos de investigación para conseguir que o sector sanitario actúe como mo- tor de crecemento econó- mico	4.1 Patentes solicitadas (nº)	15	18
	4.2 Patentes concedidas (nº)	3	3
	4.3 Protección solicitadas (non paten- tes) (nº)	3	4
	4.4 Protección concedidas (non paten- tes) (nº)	3	4
	4.5 Licencias asinadas (nº)	1	1
	4.6 Licencias totais en explotación (nº)	12	13
	4.7 Creación EBTs (nº)	1	1
	4.8 Retorno por actividades de transfe- rencia (licencias, contratos de I+D) (eu- ros)	40.000,00 €	45.000,00 €
INGRESOS ACTIVIDADES	Captación competitiva nacional e inter- nacional (1.4+3.5) (euros captados)	7.500.000,00 €	7.500.000,00 €
	Captación total (1.4+1.5+3.5+4.8) (euros captados)	15.540.000,00 €	16.045.000,00 €

